



Confederación Intersindical Galega

PRONUNCIAMENTO DA CIG SOBRE O PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DUNHA MINA DE OURO EN CABANA DE BERGANTIÑOS

A Executiva Confederal da CIG acordou por unanimidade manifestar o absoluto rexeitamento ao plan de explotación dunha mina de ouro en Corcoesto, Cabana de Bergantiños, así como solidarizarse coa Plataforma Veciñal que está encabezando a loita contra deste atentado.

As razóns fundamentais da nosa oposición son:

1. O método elixido para a obtención do ouro é o coñecido como **hidrometalurxia**, por empregarse solucións de auga para a súa extracción. Ao proceso de disolución dos metais denomínaselle **lixiviación**. Na minaría do ouro, neste proceso de lixiviación utilízase o **cianuro de sodio** disolto en auga, onde, en condicións de oxidación, dissolve o ouro contido no mineral. **O cianuro usado a nivel industrial é un dos velenos máis potentes que pode causar danos irreparabeis ás persoas e ao medio ambiente.**
2. O **cianuro de sodio** pode afectar ao **aparato respiratorio e aos sistemas cardiovascular, gastrointestinal, neurolóxico, ocular e dérmico**. A súa inhalación en concentracións de 401 a 601 mg/m³ resulta **mortal** para o ser humano.
3. A lista de **catástrofes ambientais** producidas por accidentes, fugas, verquidos e derrames de refugallos tóxicos que conteñen cianuro, é ampla e **salpica a toda a xeografía planetaria**. Estas catástrofes significaron moitas veces danos de extrema gravidade sobre ríos e acuíferos, terras de cultivo e biodiversidade.

4. O **Parlamento Europeo**, en Resolución de 5 de maio de 2010, sobre prohibición xeral do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro na Unión Europea, instou á Comisión á ***“prohibición completa do uso das tecnoloxías mineiras a base de cianuro na UE antes de finais de 2011, xa que é a única forma segura de protexer os nosos recursos hídricos e ecosistemas da contaminación por cianuro procedente das actividades mineiras”***.
5. Na mesma Resolución, o Parlamento Europeo pídelles aos Estados membros da Unión que ***“non presten apoio, de forma directa ou indirecta, a ningún proxecto mineiro na UE no que se empreguen tecnoloxías mineiras a base de cianuro, até que sexa aplicábel a prohibición xeral, nin respalden proxectos desas características en terceiros países...”***
6. **A Xunta de Galicia está amparando o proxecto mineiro en Corcoesto** e mesmo ten a intención de aprobar novas explotacións mineiras a ceo aberto de extracción de ouro en Galicia.
7. **O impacto que supón o proxecto mineiro de Cabana** pode verse con claridade nalgúns destas **cifras, sacadas do propio proxecto presentado pola empresa** que aspira á explotación:
 - 7.736.000 m² é a superficie das concesións do proxecto.
 - 95 m de profundidade a respecto do nivel do mar; 300 m nalgúns puntos en relación coa altura actual do terreo.
 - 335.961 m² ocuparía a entulleira norte e 1.879.735 m² a entulleira sur.
 - 650.000 m² vai ocupar a balsa de residuos tóxicos.
 - 64.024 toneladas métricas de material removeríanse a diario os 365 días do ano, o que daría un total de máis de 23 millóns de toneladas/ano.
 - 79 toneladas de material é a cantidade que se necesita procesar para producir unha onza de ouro, que equivale a aproximadamente 31 gr.
 - 2.800.000.000 de litros de auga é o consumo total estimado do proxecto, a un ritmo de 1.111.000 litros diarios.
 - 1,49 toneladas de cianuro sódico serán usadas diariamente.
 - 2.100.000 toneladas de residuos anuais, das que 1.000.000 son residuos de lixiviación altamente contaminante *[teñamos en conta que no PRESTIGE derramáronse 63.000 toneladas]*.

- 0,077 mg de arsénico por litro terían as verteduras procedentes das drenaxes das entulleiras (0,05 mg/l é o límite permitido).
 - 0,036 mg de níquel por litro calcúlase que terán as verteduras (0,02 mg é o límite permitido).
 - 2.740 metros do Río Lourido serán desviados.
 - 200 metros é a distancia prevista desde a balsa ás vivendas máis próximas.
8. A empresa **non ten constituído, nin a Xunta de Galicia llo esixiu, garantía financeira algunha, para facer fronte a hipotéticos danos** por accidentes ou catástrofes medioambientais.
 9. **Río Narcea Gold Mines S.A. (integrada en Edgewater Mining Co.)** compromete a creación de 271 postos de traballo (dos que 133 serían mediante subcontratas) mais non aclara a duración dos contratos nin de cada posto creado. Núñez Feijoo, experto multiplicador de traballos virtuais, fala xa de 1,400 postos de traballo.
 10. A **explotación mineira** ten un máximo previsto de **13 anos de duración** (dos cais 3 deles serían de preparación de terreos e outros 2 de peche da obra e recuperación). Pan de hoxe e fame de mañá.
 11. A previsión de **recuperación dos terreos** é semellante á empregada na fosa mineira de As Pontes, sistema fortemente criticado mesmo polo Instituto Xeolóxico de Galicia, por representar un **grave risco para a poboación** no caso de movementos sísmicos.
 12. A **ansia repentina do aproveitamento do ouro que queda no noso país** ven dado pola **fortísima especulación ao que está sometido este metal**, como medio de aprovisionamento de reservas e como importante activo cotizábel en bolsa. Representa apostar, nin máis nin menos, que polo sistema e filosofía neoliberal que nos arrastrou á situación de extrema crise que estamos a padecer. **Edgewater Mining Co** pode facer a aposta especulativa que considere, pero **a Xunta de Galicia non pode ser cómplice de permitir a evasión de grandes capitais, a destrución do noso entorno natural, e a merma de saúde das persoas, só para beneficio dos mesmos que provocaron que moitas familias xa non teñan nin para comer cada día.**

Por se todo isto fose pouco, temos coñecemento de que a Xunta ten en previsión o lanzamento de ata 7 novas explotacións mineiras de extracción de ouro, repartidas por toda a nosa xeografía, o que porá en serio perigo a saúde de centos de miles de persoas e ataca directamente ao noso patrimonio natural.

A Xunta de Galicia e o Presidente Núñez Feijoo son responsabeis coa súa conduta de permitir, e mesmo promover, o uso de materiais altamente contaminantes e especialmente tóxico para as persoas, xusto nun momento no que o Parlamento Europeo pide a súa prohibición. Son pois os responsábeis directos dos posibles danos á saúde das persoas e da destrución do noso entorno. A inminente prohibición do uso deste veneno (cianuro de sodio) en toda a UE, vai chegar, se non o remediamos, cando sexa demasiado tarde para o noso país.

A Confederación Intersindical Galega defenderá con todas as súas forzas a esixencia de paralización dos proxectos de explotación de minas a ceo aberto para a extracción de ouro en Galicia, e apoiará as mobilizacións que promovan as plataformas veciñais, comezando pola de Cabana de Bergantiños, pónonos á súa disposición para colaborar nesta importante tarefa e responsabilidade.

Ourense, 21 de decembro de 2012

Asinado: Anxo Pérez Carballo
Secretario Confederal de Medio Ambiente da CIG